



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Paula Ares Otero, Secretaria-Interventora do Concello de Lousame (A Coruña), cuxo Presidente é don Esteban Ares García

CERTIFICA: Que a **Comisión Informativa dos asuntos de competencia plenaria**, na **sesión ordinaria** que tivo lugar o día **20 de marzo do 2026**, adoptou entre outros o seguinte **acordo**, que se transcribe dun xeito literal, salvo erro ou omisión involuntarias:

2.- DITAME SOBRE A DERROGACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS EXTRAESCOLARES PARA A CONCILIACIÓN.

En consecuencia, a Comisión Informativa dos asuntos de competencia plenaria, por unanimidade dos sete (7) concelleiros presentes, sendo sete (7) o seu número legal de membros, e polo tanto co quórum da maioría absoluta, ditamina favorablemente a seguinte proposta:

1

Asunto: Derrogación da Ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación de servizos extraescolares para a Conciliación.

Expediente: 2026/G016/000001

“O Pleno Corporativo, órgano competente para a adopción do presente acordo, na aplicación da lexislación vixente en materia de réxime local, emite o mesmo baseado nos seguintes antecedentes e fundamento xurídicos:

Antecedentes Administrativos:

- 1) Informe do Departamento de Servizos Sociais, do 13/02/2026, xustificativo das razóns sociais de interese público que aconsellan derrogar a ordenanza reguladora do Prezo Público pola prestación de servizos extraescolares para a Conciliación.
- 2) Providencia da Alcaldía, do 19/02/2026, solicitando informe sobre a lexislación aplicable e procedemento administrativo.
- 3) Informe da Secretaría-Intervención sobre o expediente administrativo, 22/2026 do 19/02/2026.

Fundamentación Xurídica:

Primeiro: Dende o ano 2011 o Concello de Lousame presta un servizo de conciliación, o programa Lousame Concilia, que ten como obxectivo facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das familias de Lousame, coa finalidade de facer compatibles os distintos ámbitos nos que se desenvolven estas familias, sen perder en calidade de vida familiar, mediante a implantación dun servizo de atención e coidado de menores en períodos que facilitan a conciliación entre os horarios laborais e persoais dos proxenitores cos períodos non lectivos dos e das menores.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Segundo: Con data 29 de decembro de 2011 o Concello de Lousame estableceu un prezo público para axudar a financiar o custo do servizo que non se cubría coa subvención concedida, e publicou no BOP núm. 247 a "Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar".

Terceiro: O día 13/02/2026 a Traballadora Social do Concello de Lousame, emite informe no seguinte senso:

MOTIVACIÓN DA PROPOSTA DE DEROGACIÓN

Visto que nas bases reguladoras das axudas que subvencionan o servizo Lousame Concilia, como actuación do Plan Corresponsables, se insta a favorecer a gratuidade e a universalidade deste tipo de servizos para as familias. Dado que o prezo establecido no seu momento non supón unha achega real á hora de axudar a financiar o servizo, xa que eses ingresos obtidos son descontados do importe da subvención concedida no momento do pagamento final. Visto que a liquidación dese prezo público supón unha carga de traballo engadida que afecta a persoal de varios departamentos; servizos sociais, contabilidade, intervención e tesourería. En base ao anteriormente exposto, valorase xustificada a proposta de derogación da Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar, e emítese este informe aos efectos correspondentes.

Á vista do exposto, o Pleno Corporativo **ACORDA:**

2

Primeiro: Aprobar inicialmente a supresión do prezo público e derrogar a *Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos extraescolares para a conciliación da vida laboral e familiar*.

Segundo: Abrir o período de información pública, por un prazo de 30 días hábiles, cun anuncio que será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro da sede electrónica do Concello.

Terceiro: No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxerencia, entenderase definitivamente adoptado o acordo que até ese momento era provisional.

Cuarto: Unha vez que o acordo provisional se eleve a definitivo (de xeito expreso ou tácito), a entrada en vigor do mesmo terá lugar cando se publique completamente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo previsto no artigo 70.2 da LRBRL.

E para que así conste, e aos efectos oportunos, emítese o presente, co visto e praxe da Presidencia, en Lousame na data da sinatura dixital

O Presidente, Esteban Ares García
A Secretaria-Interventora, Paula Ares Otero